



RESOLUCION

Obxecto: Resolución en modificación da ditada co número 321/2020 de 25 de xuño.

En data 25 de xuño, por Decreto número 321 desta alcaldía, se aprobaron as bases para a selección dos participantes no campamento urbano de Cedeira.

Resultando que o horario que figura nas devanditas bases maniféstase insuficiente para atender a finalidade última que persigue a organización do campamento que é a de facilitar a conciliación laboral coa vida persoal e familiar, considérase necesario corrixir as bases nese punto a fin de emendar o erro e ampliar o devandito horario orixinario, ampliando tamén o prazo de presentación de solicitudes e por tanto, a data de comezo do campamento.

Así mesmo substitúese, para o caso de que existan máis solicitudes presentadas dentro do prazo establecido que cumplan os requisitos que prazas vacantes, a preferencia en función da orde de presentación por rexistro polo sistema de sorteo, en aras de non prexudicar a aqueles interesados que presenten solicitude no prazo que se amplía como resultado da modificación do horario dos campamentos.

Por último, tendo en conta a sensibilidade que as administracións deben procurar ás situacións daquelas persoas máis necesitadas, introdúcese un novo cupo de reserva para aqueles menores que se atopen en situación ou risco de exclusión social ao entender que o campamento é unha solución de ocio alternativa moi beneficiosa para os menores que se atopen nunha situación destas características.

En consecuencia, en aplicación das competencias municipais a que fan referencia os artigos 25.2 l) e 25.2 o) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e das competencias que me corresponden en aplicación do artigo 21 do mesmo texto legal, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases de selección para o campamento urbano de verán do concello de Cedeira en substitución das aprobadas no decreto 321/2020 de 25 de xuño:

BASES DE SELECCIÓN DO CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN DO CONCELLO DE CEDEIRA

ARTIGO 1.-Obxecto e ámbito de aplicación

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no campamento municipal de verán do Concello de Cedeira, que se desenvolverá durante o verán para os/as menores do municipio.

Este campamento de verán ten a finalidade de facilitar unha alternativa de ocio para as nenas e nenos promovendo así a conciliación familiar durante os meses de vacacións estivais.

As actividades que se desenvolverán terán carácter lúdico: manualidades, obradoiros de refugallo, actividades deportivas...

ARTIGO 2.-Persoas destinatarias

O campamento urbano de verán está destinado a nenos e nenas nados entre os anos 2008 e 2015, ámbolos dous incluídos.



ARTIGO 3.-Lugar e período de realización

O campamento desenvolverase no CEIP Nicolás del Río dende o día 13 de xullo ata o 28 de agosto. O horario será de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

ARTIGO 4.-Numero de prazas ofertadas

- a) O campamento urbano de verán oferta 54 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión.
- b) Resérvanse 5 prazas para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33%, cando estes teñan capacidade de integración nun grupo e as súas necesidades especiais lles permitan beneficiarse e participar nas actividades que se van desenvolver. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.
- c) Resérvanse 8 prazas para nenos e nenas en situación ou risco de exclusión social. A acreditación desta circunstancia farase mediante informe emitido polos servizos sociais municipais.
- d) No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, as reservas das letras b) e c) pasarán a ser de 2 prazas e 3 prazas, respectivamente, pasando as restantes a acumularse ao resto de prazas libres.

ARTIGO 5.- Prazo de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes amplíase en tres días hábiles máis a contar a partires do remate do prazo orixinario.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou titor legal do menor e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos no artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que se presente solicitude no Rexistro do Concello de xeito presencial debe solicitarse cita previa.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, continuaran quedando prazas sen cubrir, calquera interesado que cumpra os requisitos establecidos, poderá solicitar a participación nas actividades de campamento.

Neste último caso, a admisión se realizará atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas, respectando as reservas indicadas e respecto destas, a prelación tamén se fixa atendendo á orde de presentación.

ARTIGO 6.-Requisitos de participación

- a) Os/as participantes no campamento deberán ter nacido entre os anos 2008 e 2015, ámbolosdous incluídos.
- b) Terán preferencia os/as menores empadroados no concello de Cedeira.
- c) No caso de que, atendidas as solicitudes que cumpran o requisito anterior, quedaran prazas vacantes, terán preferencia os/as menores cuxos pais, titores ou representantes legais cos que convivan e teñan a obriga do seu coidado, traballen no termo municipal do concello de Cedeira e así o acrediten.



- d) Atendidos os dous criterios anteriores que terán preferencia, se persiste a existencia de prazas vacantes, queda aberta a participación ás actividades do campamento a calquera que presente solicitude e cumpra os requisitos das presentes bases.

ARTIGO 7.-Criterios de selección

- a) Respectando as preferencias a que fan referencia as letras b) e c) do artigo 6, en primeiro lugar seleccionárase aos nenos e nenas daquelas unidades familiares nas que ambos proxenitores, teñan vixente unha relación **laboral en horario de mañá acreditando esa circunstancia** no prazo de presentación de instancias ou estén realizando un curso do plan de formación **en horario de mañá** impartido dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas. No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor
- b) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes, sempre respectando as preferencias anteriores, isto é, da totalidade de participantes que sexan menores empadronados en Cedeira en primeiro lugar e só de quedar prazas vacantes, os menores de proxenitores que traballen en Cedeira, a selección farase por sorteo.
- c) De resultaren prazas vacantes, unha vez adoptados estes criterios, os restantes participantes no campamento seleccionáranse por sorteo.
- d) No caso das prazas reservadas, de superar o número de solicitudes ao número das devanditas prazas reservadas, teranse en conta tamén os criterios anteriores.
- e) Unha vez cubertas o máximo de prazas ofertadas o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda. O sorteo determinará a orde dos aspirantes na lista de agarda; excepto aquelas que se presenten fora do prazo de presentación de solicitudes por quedar prazas vacantes. Neste último suposto, a orde da lista de agarda quedará determinada pola data de presentación, e no caso de coincidir varias solicitudes nun mesmo día, por sorteo.
- f) Perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar. A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.

ARTIGO 8.- Solicitude e documentación a presentar.

- a) Solicitude de participación no campamento, que figura como ANEXO I a estas bases.
- b) Fotocopia do DNI do/a menor
- c) Fotocopia da tarxeta sanitaria
- d) Fotocopia do DNI do pai/nai/titor legal que asine a solicitude de campamentos
- e) Fotocopia do libro de Familia
- f) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
- g) No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- h) Vida laboral dos proxenitores ou certificado de realización de curso de formación emitido pola entidade impartidora.



i) No caso de que se alegue a circunstancia a que se refire o artigo 6 apartado c), deberán achegar certificado ou informe do empregador acreditativo de que, alomenos un dos proxenitores está traballando en Cedeira.

j) No caso de que se alegue a circunstancia a que se refire o artigo 7 a), deberán achegar declaración responsable acreditativa na que se indique o horario laboral de ambos proxenitores.

k) No caso de que se opte polo cupo de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social, deberá achegarse informe acreditativa desta circunstancia emitido polos servizos sociais municipais.

A comprobación do empadramento no Concello de Cedeira farase de oficio polos servizos encargados do concello, excepto que non se autorice ésta, en cuxo caso deberá acompañarse á solicitude.

ARTIGO 9.-Tramitación das solicitudes

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase pola AEDL e a Concelleira de Educación do concello de Cedeira.

ARTIGO 10.- Listado de aspirantes admitidos e excluídos

a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de admitidos e excluídos, indicando o motivo da exclusión.

b) Este listado publicarase no taboleiro de anuncios dixital e se concederá un prazo de dous días hábiles para subsanación ou presentación de alegacións.

c) Transcorrido o prazo anterior, resolverase a listaxe definitiva de admitidos e publicarase do mesmo xeito.

ARTIGO 11.-Precio público.

Está en tramitación a aprobación dun texto regulador do precio público pola asistencia ao campamento urbano, de conformidade coa cal os importes previstos a satisfacer serían os seguintes:

Meses de realización	Periodo	Contía
Xullo	Quincena	40,00 €
Xullo	Mes	60,00 €
Agosto	Quincena	40,00 €
Agosto	Mes	60,00 €
Xullo e agosto	Dous meses	100,00 €

ANEXO I
CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN DE CEDEIRA
FICHA DE INSCRICIÓN
VERÁN 2020

DATOS DO/A MENOR
DNI:
Nome e apelidos:



Data de nacemento:

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/A

DNI:

Nome e apelidos:

Teléfonos de contacto:

Enderezo electrónico:

Enderezo a efectos de notificación:

OUTROS DATOS

Ten necesidades educativas especiais:

En caso afirmativo indica a atención específica que require o/a menor:

Ten algunha intolerancia alimentaria:

En caso afirmativo indicar cales:

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.



Datos do padrón da persoa solicitante (menor)



OPÓÑOME Á
CONSULTA

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

- Fotocopia do DNI do/a menor
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor
- Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/a legal que asine a solitude
- Fotocopia do libro de familia
- No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
- No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia
- Vida laboral dos pais/titores legais ou certificado de realización do curso de formación emitido pola entidade pública impartidora.
- Certificado ou informe do empregador acreditativo de que alomenos un dos proxenitores está traballando en Cedeira.
- Declaración responsable acreditativa na que se indique o horario laboral de ambos proxenitores.
- No caso de optar polo cupo de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social, informe dos servizos sociais municipais.

Como representante legal do/a menor arriba indicado/a

SOLICITO a súa inscrición no Campamento Urbano de Verán de Cedeira.



Cedeira, de de 2020
(Sinatura do representante legal)

De conformidadeco establecido na LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (LOPD), infórmaseao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranseá base de datos do que é titular o **Concello de Cedeira**, con enderezo en Rúa Real, 15. CP 15.350. Vostedepoderáexercer, en calquera momento, os seusdereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos polalei. Aoasinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co Campamento Urbano de verán.

Os datos dos participantes poderán aparecer no listados municipais nostaboleiros de anuncios e na web municipal.

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios dixital do concello a efectos de que se dé oportuno coñecemento e publicidade, indicando a ampliación de prazo en tres días hábiles para a presentación de solicitudes polos interesados.

TERCEIRO.- Dar traslado áaxente de emprego e desenvolvemento local aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.